




# XXVI FEIRA DO PEMENTO

Declarada  
Festa de  
Interés  
Turístico  
Galega



## 6 AGOSTO 2023

ORGANIZA:



CONCELLO  
DE  
OIMBRA

COLABORAN:



DEPUTACIÓN  
OURENSE



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



Hortoverín s.l.  
Almacén Hortofrutícola



//ABANCA

# XXVI FEIRA DO PEMENTO OÍMBRA

6 de AGOSTO de 2023

*No Concello de Oímbra, os produtos de horta e, especialmente, os pementos, constituen un alimento natural de excelente calidade e son un elemento básico na nosa economía.*

*Dende o Concello de Oímbra queremos potenciar esta máxima e que as xentes da xeografía galega, e do resto do país, poñan a funcionar a súa imaxinación e vexan nos pementos un elemento básico na súa alimentación.*

*Se o conseguimos, potenciaremos máis a economía dos nosos habitantes e, así mesmo, mellorar a calidade de vida de Oimbranos e foráneos.*

*Coa visibilización e divulgación dos pementos, a agricultura de Oímbra ten que camiñar cara a transformación destes produtos, para que a curto e medio prazo o valor engadido dos nosos esforzos repercuta na nosa economía.*

*Temos que aproveitar a vantaxe que supón ter nome propio, Indicación Xeográfica Protexida Pemento de Oímbra, para posicionarnos nos mercados e participar activamente nos ciclos económicos.*

*O Domingo 6 de Agosto Oímbra será un escaparate de produtos diversos, onde os pementos serán os reis e as cebolas, os tomates, o viño, a maquinaria agrícola, a artesanía popular..., estarán acompañándoos, para facelos, se cabe, aínda máis atractivos.*

**VÉN A OIMBRA  
NON O ESQUECERÁS**

## PROGRAMA DE ACTOS

🕒 De 11.00 a 14.00h. actuación musical a cargo da

**Charanga Chicoria**

🕒 12.00 h.- Exposición de Pratos de Cociña (o ingrediente principal será o Pemento).

Publicarase un recetario con todas as receitas participantes. Nos esquezas recoller o Recetario do ano anterior

🕒 14.00 h.- Comida Popular.

🕒 De 15.30 a 20.00h.

**LOS TÁMEGA Charanga**

🕒 21.00 h.- Concerto de

**SUSANA SEIVANE**

Durante todo o día haberá:

Stands diversos nos que se expoñerán Pementos, Maquinaria Agrícola e produtos de artesanía.

**HINCHABLES** gratis para os/as nenos/as.

**Degustación gratuita de  
Pementos ao longo de todo o día.**